

Bases das axudas a viaxes para a promoción internacional da música

Convocatoria 2017

Nesta convocatoria o importe total das axudas terá unha contía de 35.000 euros

Primeira: solicitantes

A Fundación SGAE estudará as solicitudes de axudas presentadas por autores e editores socios da SGAE que desenvolvan a súa actividade principal na composición ou escritura de letras no campo da música contemporánea e sinfónicas como nos do pop, rock, jazz, músicas para o audiovisual, electrónica, flamenco, worldmusic, experimental, hiphop, etc., ou na edición musical.

Un mesmo autor ou editor non poderá recibir máis dunha axuda a viaxes no mesmo ano.

Segunda: tipoloxía dos proxectos

Serán susceptibles de participar nesta convocatoria os proxectos enviados polos solicitantes que cumpran coa cláusula primeira destas Bases e que contemplan a presenza do autor nun festival, certame, feira, mercado ou outro tipo de evento orientado á promoción internacional da súa obra e que teña lugar nun país distinto ao da residencia do autor. Esta axuda non contempla a realización de presentacións musicais.

O proxecto deberá ser presentado acompañado da súa descrición e un cronograma detallando a data e lugar de desenvolvemento do evento. O proxecto debe ir acompañado da documentación necesaria que demostre a participación do autor ou editor no evento. O proxecto debe realizarse entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de marzo de 2018.

Un mesmo proxecto non poderá ser presentado en máis dunha convocatoria da Fundación SGAE.

Terceira: achega da Fundación SGAE

A contía máxima atribuíble a cada solicitude non poderá superar os 2.000 € (impostos incluídos). O pagamento realizarase conforme ao establecido na cláusula oitava destas mesmas Bases, mediante un documento de pago vinculado ao convenio e aplicando as oportunas retencións de IRPF.

Cuarta: documentación

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

1. Formulario de solicitude debidamente cumprimentado.
2. Copia do DNI/NIE/Pasaporte.
3. CV do solicitante.
4. Descrición do proxecto de creación para o que se solicita a axuda e cronograma.

5. Orzamento detallado de custos.
6. Cartas de invitación, certificación da participación, etc.
7. Certificación da colaboración doutras entidades, no seu caso.
8. Outra documentación adicional.

Quinta: criterios de avaliación

Para a avaliación dos proxectos recibidos, valoraranse especialmente aqueles aspectos recollidos no Plan Director da Fundación SGAE, entre os que podemos destacar, para estes efectos, os seguintes:

1. Facilitar a relación da autoría co conxunto da sociedade, promover a pedagogía social sobre o dereito de autor e impulsar o acceso á cultura.
2. Fomentar as novas expresións artísticas e os proxectos multidisciplinares no conxunto do repertorio sobre o que traballa a Fundación SGAE.
3. Colaborar con outras institucións e organizacións.
4. Fomentar a participación das autoras.

Ademais, terase en conta a viabilidade do proxecto acorde aos orzamentos presentados, a potencial repercusión sociocultural deste e a eficiencia na aplicación dos recursos achegados, se fose o caso, por estas axudas.

Sexta: presentación de solicitudes e prazo

1. O formulario de solicitude estará dispoñible na web da Fundación SGAE www.fundacionsgae.org. Deberá usarse o formato electrónico do formulario, e será necesario encher todos os campos. A Fundación SGAE xustificará a recepción de todas as solicitudes. As solicitudes que non acheguen a documentación solicitada nas presentes Bases terán un prazo máximo de 15 días para aemenda desde a notificación correspondente.
2. O prazo de presentación das solicitudes para a convocatoria 2017 de axudas a viaxes para a promoción internacional da música iniciárase o xoves 9 de febreiro e manterase aberto até as 24.00 do xoves 30 de novembro. As solicitudes recibidas fóra do devandito prazo serán desestimadas.
3. As solicitudes recibidas iranse avaliando periodicamente, resolvéndose e publicitándose oportunamente na web de Fundación SGAE.

Sétima: procedemento e resolución de solicitudes

1. Un Comité de Avaliación, designado polo Padroado da Fundación SGAE, encargárase de estudar e avaliar as solicitudes que cumpran os requisitos indicados nestas Bases.
2. O Comité decidirá a concesión das axudas e a súa resolución seralles comunicada a todos os interesados por escrito.
3. A resolución do Comité será inapelable.

4. No suposto de resolución positiva por parte do Comité, a documentación achegada pasará a formar parte inseparable do convenio que se subscribirá entre as partes e non se devolverá mentres devandito convenio estea vixente.

Oitava: formalización da colaboración

A Fundación SGAE e o solicitante cuxo proxecto fose aprobado, subscribirán un convenio de colaboración específico que haberá de conter, necesariamente, as Bases establecidas neste documento e a información que enumeramos a continuación, a título enunciativo:

1. Dereitos e obrigas de cada unha das partes.
2. Prazo de inicio e finalización do proxecto.
3. Importe da axuda concedida.
4. Forma de pago.
5. Seguimento do proxecto (informe, avaliación, material onde se inclúa a imaxe corporativa da Fundación SGAE e memoria final).

O convenio será formalizado co solicitante da axuda, que debe cumprir co exposto na cláusula primeira destas Bases.

Novena: Deber de confidencialidade e protección de datos persoais

Todos os datos persoais que as partes fornezan na xestión do proxecto teñen carácter confidencial.

Os participantes que resulten gañadores autorizan e consenten mediante a presentación da solicitude de axuda o uso e cesión, por parte da Fundación SGAE, a terceiros dos datos de carácter persoal facilitados coa presentación da solicitude a estas axudas, co fin de levar a cabo das xestións e tramitacións necesarias a este tipo de convocatorias públicas, como son:

- A publicación da resolución da concesión na Internet
- O envío de notificacións e comunicacións a través de mensaxería e/ou correos

Os datos, que voluntariamente faciliten, incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é a Fundación SGAE, que será notificado ao Rexistro Xeral de Protección de Datos da AEPD. O titular do Dereito Fundamental á Protección de Datos Persoais conta cos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, á atención do Director Xeral, calle Bárbara de Bragança, 7, 28004 Madrid. A Fundación SGAE presume que os datos facilitados polo afectado son veraces e responden á súa situación actual. O afectado queda obrigado a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.

En caso de que o solicitante que resulte seleccionado da axuda sexa unha persoa xurídica e, para esta solicitude, nos comunique datos de terceiros, deberá solicitar o consentimento e informar a persoa afectada do tratamento dos seus datos por parte da Fundación SGAE e de SGAE para levar a cabo as xestións e tramitacións anteriormente mencionadas.

Décima: normas xerais

1. O solicitante incluíra o logotipo de Fundación SGAE na promoción que realice do proxecto, tales como publicidade, carteis, catálogos, folletos e outros análogos.
2. A presentación da solicitude por parte do solicitante implica a aceptación tácita deste das condicións e Bases establecidas neste documento, e leva a autorización do solicitante para que a Fundación SGAE poida difundir información da axuda prestada nas súas Memorias e demais publicacións. No caso de incumprimento dalgunha das condicións reflectidas nas citadas bases, Fundación SGAE non procederá a ingresar o importe pola axuda concedida e en caso de ter realizado o ingreso, o seleccionado devolverá o importe recibido a partir do momento que Fundación SGAE lle comunique dito incumprimento.
3. O solicitante exime á Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada de calquera transgresión da lexislación vixente en que puidese incorrer o solicitante respecto da realización e desenvolvemento do proxecto.
4. A Fundación SGAE non adquire, en virtude deste contrato, ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria en relación coa realización e desenvolvemento do proxecto distinta da achega concedida.
5. A lexislación aplicable a este documento é a española e as partes sométense expresamente á xurisdición dos Tribunais de Madrid capital, e renuncian ao foro que puidese corresponderlles.

Para máis información: informacion@fundacionsgae.org